

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**UNIVERSIDADE DE VIGO**

EXTRACTO da Resolución do 30 de outubro de 2024 pola que se convocan, por tramitación anticipada, as axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación para o exercicio 2025.

BDNS (Identif.): 792315.

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de datos nacional de subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/792315>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado matriculado nun programa de doutoramento na Universidade de Vigo ou que estea en condicións de matricularse no momento da formalización do contrato, que non goce doutras axudas para a formación de persoal investigador, cuxa data de finalización dos estudos que deron lugar á obtención do/dos título/s que habilitan para o acceso ao programa de doutoramento, ou da superación de 60 créditos de posgrao, se é o caso, sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2022, coas excepcións previstas na base 5.c) da convocatoria.

Segundo. *Obxecto*

O obxecto destas axudas é financiar a formación de dez persoas tituladas integradas en grupos de investigación que estean a realizar a tese de doutoramento na Universidade de Vigo e que, en función da súa capacitación e formación, poidan converterse en novo persoal investigador en formación mediante a formalización dun contrato predoutoral de tres anos de duración, en calquera área de coñecemento científico, conforme o artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, modificado pola Lei 17/2022, do 5 de setembro.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 30 de outubro de 2024 pola que se convocan, por tramitación anticipada, as axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación para o exercicio 2025.



Cuarto. Contía

A contía total do crédito destinado a estas axudas será de oitocentos mil euros (800.000 €), segundo a distribución por anualidades para 2025, 2026, 2027 e 2028 establecida na convocatoria.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Desde o día 31 de outubro ata o 30 de novembro de 2024.

Vigo, 30 de outubro de 2024

O reitor da Universidade de Vigo
P.D. (Resolución do 30.5.2024; DOG do 10 de xuño)
Belén Rubio Armesto
Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

CVE-DOG: wwdoewg5-pkw9-s3y8-wn2-rqq6fuayqfj4

